

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2018/01

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 23 de xaneiro de 2018.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e corenta minutos do día **23 de xaneiro de 2018** réunese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa (excusa ausencia)

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

Polo Grupo do Partido Popular

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

Porlo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

Dona Aurora González Ginzo (excusa ausencia)

Dona Cristina Losas Soria

Polo Grupo de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

Por parte de Secretaría discúlpase a ausencia dos Concelleiros Sra.González Ginzo do Grupo Socialista e Sr. Castro Reigosa do Grupo do BNG.

1.-APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES ORDINARIA DE DATA 29 DE NOVEMBRO E EXTRAORDINARIA DE 19 DE DECEMBRO DE 2017.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria, acorda prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2.-EXPEDIENTE Nº 3570/2017 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 29,11,2017 DE CREACIÓN DE FICHEIROS AOS EFECTOS DA LOPD PARA CÁMARAS DE VIDEOXIVILANCIA NA ZONA DE PARQUE EMPRESARIAL DE RIBADEO.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que obra no expediente e que se transcribe:

“DITAME: Dase conta da Proposta da Alcaldía obrante no expediente que se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA ADOPCIÓN DE ACORDO PLENARIO SOBRE A INSTALACIÓN DUN REDE DE VIXIANZA E A INSCRICIÓN DUN FICHEIRO DE DATOS DE VIDEOVIXIANZA.

Vista a resolución de fecha 20/07/2017 da Consellería Economía, Emprego e Industria na que se concede ao concello de Ribadeo unha subvención para a INSTALACIÓN DUNHA REDE DE VIDEO CÁMARAS NO POLIGÓNO INDUSTRIAL DE RIBADEO, ao abeiro abeiro da Orde do 27 de xaneiro de 2017. De acordo co establecido na devandita resolución o investimento subvencionable é de 19275,30 euros e o importe da subvención concedida é de 15420.24 (80% do orzamento aprobado).

Visto que a instalación se deberá realizar tendo en conta o disposto na adicional oitava da Lei Orgánica 4/1997 e a disposición adicional única no R.D. 596/1999.

Vista a proposta formulada polo departamento municipal correspondente co anexo de novo ficheiro a inscribir.

Visto que no pasado Pleno de 29/11/2017 adoptouse acordo omitindo datos que son necesarios publicar.

Considerando que conforme ao establecido no art. 105 .2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro

de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común, a Administración poderá rectificar en calquera momento os erros de feito, materiais ou aritméticos, existentes nos seus actos.

PROPONSE ao Pleno Municipal que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Crear conforme á Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de carácter persoal, os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Ribadeo que se contemplan no anexo I e solicitar a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de datos.

SEGUNDO.- Publicar integramente o contido do acordo no BOP de Lugo polo prazo de 30 días hábiles a efectos de reclamacións, entendéndose adoptado o acordo definitivo sen necesidade de novo acordo, no suposto de que non se presente ningunha.

TERCEIRO.- Notificar á Axencia Española de Protección de Datos o contido do acordo adoptado

ACORDO-ANEXO I

O Concello de Ribadeo soporta un considerable tráfico de vehículos, motivado tanto pola circulación dos propios veciños como pola moi desexada presenza de visitantes foráneos.

O Concello considera que o número tan importante de vehículos que circulan polas nosas rúas fai insuficientes as tradicionais formas de regulación e control presencial do tráfico, e que estas circunstancias aconsellan a incorporación dun apoio tecnolóxico sobre as funcións de vixilancia, control e regulación do tráfico que ten encomendada a Policía Local.

Por este motivo, o Concello de Ribadeo decidiu incorporar ao servizo que lle compete a instalación e uso dunha rede de videocámaras destinadas á vixilancia, control e disciplina da circulación. Todo iso tendo en conta:

1. A Disposición Adicional Oitava da Lei Orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos, establece que:

“A instalación e uso de videocámaras e de calquera outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico efectuarase pola autoridade encargada da regulación do tráfico aos fins previstos no texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado por Real Decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, e demais normativa específica na materia, e con suxeición ao disposto nas Leis Orgánicas 5/1992, do 29 de outubro, de Regulación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal (na actualidade LOPD), e LO 1/1982, do 5 de maio, de Protección Civil do Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe, no marco dos principios de utilización das mesmas previstos nesta Lei”

Pola súa banda, a Disposición Adicional Única do Real Decreto 596/1999, do 16 de abril, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei Orgánica 4/1997, do 4

de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos, establece, respecto do réxime aplicable ás videocámaras para a vixilancia, control e disciplina do tráfico o que segue:

“1. A instalación e uso de videocámaras e de calquera outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico nas vías públicas, realizarase con suxeición ao disposto na disposición adicional oitava da Lei Orgánica 4/1997 e na presente disposición.

2. Corresponderá ás Administracións públicas con competencia para a regulación do tráfico, autorizar a instalación e o uso dos dispositivos aludidos no apartado anterior.

3. A resolución que ordene a instalación e uso dos dispositivos fixos de captación e reprodución, identificará xenericamente as vías públicas ou os tramos daquelas cuxa imaxe sexa susceptible de ser captada, as medidas tendentes a garantir a preservación da dispoñibilidade, confidencialidade e integridade das gravacións ou rexistros obtidos, así como o órgano encargado da súa custodia e da resolución das solicitudes de acceso e cancelación.

A vixencia da resolución será indefinida en tanto non varíen as circunstancias que a motivaron.”

2. A captación de imaxes a través de cámaras para o control e regulación do tráfico deberá cumprir cos requisitos esixidos pola LOPD.

Os avances tecnolóxicos, singularmente os vinculados á captación de imaxe, supoñen posibilidades de intromisión no ámbito da privacidade e intimidade así como de limitación e vulneración do dereito á autodisposición das informacións que son relevantes para cada persoa. Por iso, o ordenamento xurídico recoñece dereitos neste campo e establece mecanismos para a súa garantía. A Constitución Española, no seu artigo 18, recoñece como dereito fundamental o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e establece que “a lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”. O Tribunal Constitucional, interpretando este artigo, declarou na súa xurisprudencia, e especialmente nas súas sentenzas 290/2000 e 292/2000, que o mesmo protexe o dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal, outorgándolle unha sustantividade propia. Este dereito foi denominado pola doutrina como “dereito á autodeterminación informativa”.

A seguridade e a vixilancia non son incompatibles co dereito fundamental á protección da imaxe como dato persoal, o que en consecuencia esixe respectar a normativa existente en materia de protección de datos, para desta maneira manter a confianza da cidadanía nun sistema democrático.

As imaxes considéranse dato de carácter persoal, en virtude do establecido no artigo 3 da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e no artigo 5.1 f) do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da meritada Lei Orgánica, que considera como dato de carácter persoal a información gráfica ou fotográfica.

3. É responsabilidade das Administracións Locais o concernente á creación, modificación ou supresión de ficheiros de datos de carácter persoal.

O artigo 52 do Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD artigo 20), dispón que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros de titularidade pública só poderán facerse por medio de disposición xeral ou acordo publicada no «Boletín Oficial» correspondente.

PRIMEIRO.- Cámaras.

A instalación e uso dunha rede de videocámaras e de reprodución de imaxes para o control, vixilancia e disciplina do tráfico, suxeita ás estritas condicións fixadas pola Disposición Adicional Única do citado R.D. 596/1999.

Dita vixilancia estenderase ás seguintes vías:

Nº CÁMARA	UBICACIÓN (Enderezo exacto)
Cámara Matrículas 1	Acceso principal ao Polígono de Ribadeo. O Outeiro. Piñeira 27710 Ribadeo.
Cámara 2	Rúa da Veiga de Arnela. Lugar O Outeiro. Piñeira. 27710 Ribadeo
Cámara 3	Rúa da Grandela Lugar O Outeiro. Piñeira. 27710 Ribadeo
Cámara 4	Rúa da Veiga de Arnela. Lugar O Outeiro. Piñeira. 27710 Ribadeo
Cámara 5	Rúa dos Pozacos. Lugar O Outeiro. Piñeira. 27710 Ribadeo
Cámara 6	Rúa da Veiga de Arnela. Lugar O Outeiro. Piñeira. 27710 Ribadeo
Cámara 7	Rúa pozo da Insua. Lugar O Outeiro. Piñeira. 27710 Ribadeo
Videograbador 1	Rúa do pozo da Insua. Lugar O Outeiro. Piñeira. 27710 Ribadeo
Videograbador 2	Rúa das Pereiras. Lugar O Outeiro. Piñeira. 27710 Ribadeo
Videograbador 3	Rúa da Grandela. Lugar O Outeiro. Piñeira. 27710 Ribadeo
Videograbador 4	Rúa das Pereiras. Lugar O Outeiro. Piñeira. 27710 Ribadeo

SEGUNDO.- Creación de ficheiros

Créanse os ficheiro de datos de carácter persoal sinalados no ANEXO I.

TERCEIRO.- Medidas de seguridade.

A custodia, conservación e destrución, no seu caso, das imaxes captadas polas cámaras e que se integran nos ficheiros automatizados que polo presente Acordo créanse, cumpren as medidas de seguridade e esixencias establecidas no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, á vez que o órgano encargado da custodia e das resolucións das solicitudes de acceso e cancelación será o propio Concello.

CUARTO.- Publicación.

De conformidade co establecido no artigo 196 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ordénase que o presente acordo sexa publicada en Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- Entrada en vigor.

O presente Acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial de Lugo.

ANEXO I

FICHEIRO: VIDEOVIXILANCIA CONTROL TRÁFICO

1. ÓRGANO, ENTE OU AUTORIDADE ADMINISTRATIVA RESPONSABLE DO FICHEIRO:

Concello de Ribadeo.

2. ÓRGANO, SERVIZO OU UNIDADE ANTE O QUE DEBERÁN EXERCITAR OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

Alcaldía - Concello de Ribadeo. Praza de España, 1 C.P. 27700 Ribadeo (Lugo).

3. NOME E DESCRICIÓN DO FICHEIRO QUE SE CREA:

“Videovixilancia Control Tráfico” Conxunto de imaxes dixitais de usuarios das vías, matrículas e vehículos que transiten polas vías titularidade do Concello de Ribadeo.

4. Trátase dun FICHEIRO DE CARÁCTER INFORMATIZADO ao apoiarse na captación de imaxes nun videograbador dixital que admite conexión tcp/ip.

5. MEDIDAS DE SEGURIDADE: nivel básico.

6. TIPOS DE DATOS DE CARCTER PERSOAL QUE SE INCLUIRÁN NO FICHEIRO: imaxe/voz.

7. FINALIDADE DO FICHEIRO:

Videovixilancia. Control e disciplina do tráfico.

8. COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS OU RESULTEN OBRIGADOS A FORNECELOS:

Usuarios das vías. Condutores e infractores.

9. PROCEDENCIA DOS DATOS: O propio interesado.

10. PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA: Captación mediante cámaras.

11. ÓRGANOS E ENTIDADES DESTINATARIOS DAS CESIÓNS PREVISTAS:

Forzas e corpos de seguridade.

12. NON HAI TRANSMISIÓN INTERNACIONAL DE DATOS PREVISTA.

Pola Alcaldía cédese a palabra ao funcionario Sr.Rodil Veiga que explica que se trata dunha omisión no anterior acordo de 29 de novembro ppdo. xa que ao tratarse dun ficheiro de datos con cámaras de vixilancia o tratamento para poder rexistrar ante a Axencia de Protección de datos non é o mesmo que sobre documentos sendo preciso recoller os números e lugar das cámaras, etc. tal e como se recolle na proposta.

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente a mesma para adopción do acordo correspondente polo Pleno municipal.””

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa transcrito anteriormente nos seus propios termos.

3.-EXPEDIENTE Nº 70/2018 RELATIVO AO PLAN EXTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2018-2020.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“”Dase conta da Proposta da Alcaldía que consta no expediente e que se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que ten carácter básico, esixe que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar previamente o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións e que nos mesmo termos se manifesta a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5.

Considerando que a sección primeira do capítulo terceiro do Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, que aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, regula os plans estratéxicos de subvencións nos artigos 10 a 15. Estes preceptos, de acordo coa disposición final 2ª da citada lei 38/2003, de 17 de novembro, tamén teñen carácter básico. En concreto o artigo 12 determina que os plan estratéxicos deberán ter en esencia o seguinte contido:

a) Obxectivos estratéxicos, que describan o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que han de estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios.

b) Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán explicitarse os seguintes aspectos:

c) Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. A estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recolleitos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.

Considerando o informe emitido pola intervención municipal que figura no expediente de data 10/01/2018, e tendo en conta as advertencias realizadas, de xeito que se incidirá

especialmente nas avaliacións e reformulacións do plan esixibles.

Á vista do anterior, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos

PRIMEIRO: *Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións para o exercicio 2018-2020 do Concello de Ribadeo co seguinte teor:*

“PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2018-2020

PREÁMBULO

O artigo 8.1 da lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico , polo que tódolos Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións

Téñase en conta a disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na que se establece que os Plans e programas de relativos a políticas públicas que estean previstas en Normas Legais ou regulamentarias, terán a consideración de Plans Estratéxicos de Subvencións sempre que se recollan o contido previsto no artigo 8.1 da lei 38/2003.

En cumprimento do disposto na disposición final terceira da citada Lei, o goberno aprobou o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor do mesmo (25 de outubro de 2006), os plans estratéxicos de subvencións ou dos plans e programas sectoriais vixentes adaptaranse ao establecido no mesmo

A lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións , supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei , redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, unha maior acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar a eficacia, prevese na lexislación que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións (instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública), con carácter previo ao nacemento das subvencións.

Por iso, este Concello aproba o Plan Estratéxico de subvencións cuxo articulado figura a continuación.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1.

O establecemento de subvencións por este Concello para os anos 2018-2020 axustarase ao previsto no presente Plan.

Non obstante o anterior, anualmente, á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as disponibilidades orzamentarias poderán modificarse, substituírse por outras ou eliminarse liñas de subvencións.

Dentro de cada unha das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, ben polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución dos obxectivos ou a adecuación dos recursos investidos, ben por outros motivos debidamente xustificadas.

Loxicamente, con ocasión das modificacións orzamentarias que pretendesen introducir algunha das liñas de subvención non previstas no presente PES, debería previa ou simultaneamente modificarse este. Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista exclusivamente na variación do importe asignado, sempre que o resto dos compoñentes destas permanezan sen cambios, feito que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do órgano xestor correspondente.

ARTIGO 2.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos Municipais de cada exercicio e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión, axustándose a ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ribadeo vixente, e en todo caso supeditándose ao cumprimento dos principios recollidos na normativa de estabilidade orzamentaria.

ARTIGO 3.

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún a favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha en caso de que o Plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

ARTIGO 4.-

Como obxectivos xerais e estratéxicos do presente plan márcanse os seguintes:

- Cumprir o mandato legal recollido no artigo 8 da Lei 38/2003, de do 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- Incidir de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público en materia de subvencións*
- Optimizar o acceso dos cidadáns ás subvencións con garantía de transparencia, uniformidade de criterio e concorrencia*

- *Racionalizar a xestión municipal de axudas e subvencións dotándoa de transversalidade na súa planificación e de ferramentas para a súa avaliación*
- *Conseguir a máxima eficacia cos recursos dispoñibles respectando as limitacións do principio de estabilidade orzamentaria*

ARTIGO 5.

Aos efectos da súa concesión establécense os seguintes tipos de procedementos na concesión de subvencións:

- *Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.*
- *Subvencións nominativas previstas no orzamento.*
- *Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*
- *Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ao Concello de Ribadeo por unha norma de rango legal. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.*

Con carácter xeral, as subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva; e ademais diso, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais; ou ben mediante concesión directa con carácter excepcional, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, de acordo coas ordenanzas vixentes na materia aprobadas polo concello. Nas correspondentes bases de subvención deberá recollerse o procedemento adecuado a cada unha das liñas de subvención

CAPÍTULO II. BENEFICIARIOS E MATERIAS NAS QUE SE ESTABLECERÁN SUBVENCIÓNS

ARTIGO 6.

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 7.

O Concello, despois de analizar os informes de seguimento e propostas presentados polos Concelleiros Delegados referentes ao plan do ano 2016, establecerá para o período de vixencia do presente plan as seguintes liñas estratéxicas de actuación en materia de axudas e subvencións:

- *Vivenda.*

- *Servizos Sociosanitarios.*
- *Ensino.*
- *Cultura.*
- *Festexos.*
- *Deportes.*
- *Medio Rural.*
- *Comercio.*

As contías previstas para cada unha das Liñas no exercicio 2018 son as recolleitas no Orzamento anual do Concello, nos termos aprobados polo Pleno no Anexo de Transferencias e Subvencións. Para os exercicios seguintes as contías serán as que se recollan para estas finalidades nos correspondentes orzamentos xerais.

ARTIGO 8.

Con carácter xeral, as subvencións municipais nas distintas liñas terán un prazo de execución (de desenvolvemento das actuacións subvencionadas) anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período elixible, deberanse recoller nas correspondentes bases das subvencións ou acordos polos que se establezan, nese caso, deberán seguir cumprimentando anualmente os requisitos que establece a lexislación vixente

CAPÍTULO III. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

SUBVENCIÓN EN MATERIA DE VIVENDA

ARTIGO 9.

Neste caso o Concello exerce a labor de Entidade Colaboradora, segundo o disposto no artigo 12 da lei xeral de subvencións, entre outras Administracións (a Xunta de Galicia e o Estado) e os solicitantes de convenios da A.R.I. de Ribadeo e Rinlo.

Nesta materia inclúranse expedientes de solicitudes en réxime de concorrencia pública correspondentes aos convenios nesta materia asinados ou que se asinen coa Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento (para 2018 convenios de Ribadeo 12ª fase e Rinlo 5ª fase).

- a) *Obxectivos: Rehabilitación de vivendas co fin de recuperar o casco histórico de Ribadeo.*
- b) *Custos previsibles 2018: 58.544,23 euros.*
- c) *Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos recibidos da Consellería de*

Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e do Ministerio de Fomento.

SUBVENCIONS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIOSANITARIOS

ARTIGO 10.

En materia de asistencia social o Concello establecerá as seguintes liñas de subvencións:

1) Axudas para atencións benéficas e asistenciais. Concesión directa

a) *Obxectivos: Favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e atender situacións de emerxencia social de familias e persoas en situación de necesidade.*

b) *Custos previsibles: 2018: 50.000 euros; 2019: 50.000,00 €; 2020: 50.000,00 €.*

c) *Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento*

d) *Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a aplicación das correspondentes bases reguladoras recollidas nas ordenanzas específicas en vixencia que regulan estas axudas.*

2) Axudas a través de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva.

a) *Obxectivos: Apoiar a aquelas Entidades que facilitan a integración social de persoas con diversidade funcional ou en risco de exclusión social, e aquelas que desenvolven iniciativas a prol da igualdade e plena integración da Muller.*

b) *Custos previsibles: 2018: 18.000 euros; 2019: 18.000,00 €; 2020: 18.000,00 €.*

c) *Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.*

d) *Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.*

SUBVENCIONS EN MATERIA DE ENSINO

ARTIGO 11.

En materia de ensino O Concello establecerá a seguinte liña de subvencións:

1) Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

a) *Obxectivos: Promover a participación do alumnado en actividades extraescolares e favorecer a conciliación familiar nos centros de ensino de Ribadeo, e a iniciación de nenos/as de cero a tres anos no sistema educativo.*

b) Custos previsibles: 2018: 11.400,00 euros; 2019: 11.400,00 €; 2020: 11.400,00 €.

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

SUBVENCIONS EN MATERIA DE CULTURA

ARTIGO 12.

En materia de cultura o Concello establecerá as seguintes liñas de subvencións:

1) Premios, becas e pensións de estudos e investigación.

a) Obxectivos: Facilitar a participación do estudantado universitario á actividade investigadora e formativa das Universidades Galegas .

b) Custos previsibles: Custos previsibles: 2018: 2.000,00 euros; 2019: 2.000,00 €; 2020: 2.000,00 €.

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

2) Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

a) Obxectivos: Favorecer ao asociacionismo cultural de base, de longa tradición, do noso Concello para que poida por en marcha proxectos que sigan a dinamizar a nosa vida cultural.

b) Custos previsibles: 2018: 21.000,00 euros; 2019: 21.000,00 €; 2020: 21.000,00 €.

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

3) Axudas a través de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva.

a) Obxectivos: Incorporar ao novo asociacionismo e axudar a consolidar iniciativas innovadoras e diversificadoras no ámbito cultural ribadense.

b) Custos previsibles: 2018: 12.000,00 euros; 2019: 12.000,00 €; 2020: 12.000,00 €.

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

SUBVENCÍONS EN MATERIA DE FESTEXOS

ARTIGO 13.

En materia de festexos O Concello establecerá dúas liñas de subvencións:

1) Premios e bolsas.

a) Obxectivos: Fomentar a participación nos diferentes actos do Entroido co fin de manter viva nunha festas mais senlleiras do noso país.

b) Custos previsibles: 2018: 4.800,00 euros; 2019: 4.800,00 €; 2020: 4.800,00 €.

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

2) Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

a) Obxectivos: Dar cobertura as diversas asociacións que participan na organización das festas patronais, tanto da vila como das parroquias.

b) Custos previsibles: 2018: 38.000,00 euros; 2019: 38.000,00 €; 2020: 38.000,00 €.

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

SUBVENCÍONS EN MATERIA DEPORTIVA

ARTIGO 14.

En materia deportiva o Concello establecerá as seguintes liñas de subvencións:

1) Premios e bolsas.

a) Obxectivos: Promover e fomentar a práctica do deporte para tódalas idades e aproveitar para difundir os nosos recursos paisaxísticos e turísticos coa organización de eventos

emblemáticos como son a San Silvestre e a Media Maratón das Catedrais.

b) Custos previsibles: 2018: 2.000,00 euros; 2019: 2.000,00 €; 2020: 2.000,00 €.

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

2) Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

a) Obxectivos: Apoiar a Entidade Centenaria do Ribadeo F.C. participante na competición de preferente Galiza Norte, organizadora do Enma Cuervo, vicedecano dos torneos de verán do Estado Español e a promoción e incorporación da muller ao fútbol, e fomentar e promocionar o deporte tradicional das traífeiras na nosa Ria.

b) Custos previsibles: 2018: 20.500,00 euros; 2019: 20.500,00 €; 2020: 20.500,00 €.

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

3) Axudas en réxime de convocatoria pública en concorrencia competitiva.

a) Obxectivos: Favorecer a realización de todo tipo de actividade deportiva no Municipio, con especial mención ao deporte base, deporte feminino, deporte para persoas diminuídas, deporte tradicional e deportes minoritarios, establécense tres subliñas:

- Subvencións para a actividade competitiva.
- Subvencións para a actividade deportiva.
- Subvencións para a realización de eventos deportivos.

b) Custos previsibles: 2018: 34.000,00 euros; 2019: 34.000,00 €; 2020: 34.000,00 €.

c) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.

d) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.

SUBVENCIONES EN MATERIA DO MEDIO RURAL

ARTIGO 15.

En materia do medio rural o Concello establecerá unha liña de subvencións:

1) Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

a) *Obxectivos: Promover actividades didácticas de dinamización do medio rural e medidas de prevención para evitar a expansión de especies invasoras, como por exemplo da avespa velutina.*

b) *Custos previsibles: 2018: 2.500,00 euros; 2019: 2.500,00 €; 2020: 2.500,00 €.*

c) *Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.*

d) *Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.*

SUBVENCÍONS EN MATERIA DE COMERCIO

ARTIGO 16.

1) *Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.*

a) *Obxectivos: Fomentar a dinamización e a innovación, apoiando o consumo local e o comercio de proximidade e levar a cabo iniciativas de formación, modernización e campañas de divulgación do comercio ribadense.*

b) *Custos previsibles: 2018: 14.000,00 euros; 2019: 14.000,00 €; 2020: 14.000,00 €.*

c) *Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo catro do Orzamento.*

d) *Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios de colaboración específicos para cada unha das seguintes liñas específicas de subvención.*

CAPÍTULO IV. CONTROL E AVALIACIÓN DO PLAN

ARTIGO 17.

Os Concelleiros das áreas correspondentes efectuarán o control do cumprimento do presente Plan durante o seu período de vixencia. No primeiro semestre de cada ano, os Concelleiros das Áreas correspondentes elaborarán un informe no que se avaliará a execución do Plan no exercicio anterior.

Os informes emitidos terán como misión avaliar a posible revisión do plan ao obxecto de:

- Modificar ou actualizar as liñas de subvención que puidesen perder a súa vixencia, ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos.*
- Actualizar os importes daquelas que se manteñan.*
- Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos*

ARTIGO 18.

Finalizada a vixencia do Plan, os Concelleiros das Áreas deberán presentar unha memoria na que se contemple, ao menos, o grado de cumprimento do Plan a eficacia e a eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración dos seguintes Plans Estratéxicos de Subvencións.

En concreto, as ditas memorias deberán como mínimo analizar os seguintes indicadores en relación con cada unha das axudas outorgadas:

- *Obxecto*
- *Entidades beneficiarias ou no seu caso colaboradoras*
- *Importe outorgado*
- *Accións concretas desenvolvidas co importe da axuda concedida*
- *Número de cidadáns aos que alcanzou a acción subvencionada*
- *Analizar a adecuación aos obxectivos perseguidos no momento de conceder a achega en función da liña a que corresponda, e grao de cumprimento destes obxectivos, con avaliación da procedencia de mantemento ou supresión do programa de que trae causa”.*

SEGUNDO: *Dar publicidade ao plan estratéxico aprobado a través do taboleiro de anuncios, páxina web municipal e portal de transparencia do concello.”*

Polo Concelleiro delegado de Economía Sr. Castro Reigosa e Interventor municipal explícase brevemente en que consiste o Plan de referencia sinalándose igualmente que neste caso é por un período de tres anos con revisións anuais.

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente a mesma para adopción do acordo correspondente polo Pleno municipal.””

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa transcrito anteriormente nos seus propios termos.

4.-EXPEDIENTE Nº 67/2018 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“ A instancia da Alcaldía dase conta pola Intervención da proposta corrixida xa que na anterior se produciu un erro ao sinalarse a do ano anterior, en relación co asunto epigrafiado e

que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Contas a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóveis, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

A modificación da presente ordenanza, como se sinala na Providencia de Alcaldía de 11/01/2018 que inicia o expediente, refírese aos seguintes aspectos:

- Reducir o tipo impositivo aplicable aos bens inmóveis de natureza urbana nun 8%, de xeito que este quedaría fixado nun 0,62 para o exercicio 2018.

A motivación está en que o día 30 de decembro de 2017, foi publicado no BOE o Real Decreto-lei 20/2017, de 29 de decembro, polo que se prorrogan e aproban diversas medidas tributarias e outras medidas urxentes en materia social. Esta norma contén no artigo 1 os coeficientes de actualización de valores catastrais do artigo 32.2 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, de acordo co seguinte:

“1. Os coeficientes de actualización de valores catastrais a que se refire o apartado 2 do artigo 32 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, quedan fixados para 2018 con arranxo ao seguinte cadro:

<i>Año de entrada en vigor ponencia de valores</i>	<i>Coeficiente de actualización</i>
<i>1984, 1985, 1986, 1987, 1988, 1989 e 1990</i>	1,08”

Aínda que a idea de achegar os valores catastrais á realidade, dada a antigüidade da ponencia do Concello de Ribadeo (que data de 1989) non carece de lóxica, tamén é certo que polo equipo de goberno se garantiu que esta actualización de valores non ía supoñer incremento dos importes a aboar en concepto de IBI polos veciños, polo que en consecuencia se toma a decisión de reducir o tipo impositivo en consonancia co incremento citado.

Tendo en conta que o tipo actual está fixado no 0,67%, tal e como se acordou polo pleno o 20/12/2016, e foi publicado no BOP de Lugo de 24/02/2017 nº 046, a aplicación da redución en cuestión levaría ao novo tipo para 2018 a un 0,62%

Deste xeito, despois de examinar o expediente tramitado para a modificación da ordenanza, visto o informe emitido pola Tesourería fiscalizado e conformado pola Intervención municipais de data 11/01/2018, enténdese que procede realizar unha modificación do texto da Ordenanza Fiscal en vixencia de acordo co exposto.

Tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira.
- Os artigos 15 a 19, 59 e DA 13ª do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o

procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais, e os impostos obrigatorios.

- O artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro. - Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza fiscal I1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, quedando redactados os artigos modificados do seguinte xeito:

ORDENANZA FISCAL I1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 2º. Tipo de gravame.

- 1. O tipo de gravame do Imposto para os bens de natureza urbana fíxase no 0,62 por 100.**
- 2. O tipo de gravame do Imposto para os bens de natureza rústica fíxase no 0,54 por 100.**
- 3. O tipo de gravame do Imposto para os bens de características especiais fíxase no 0,73 por 100**

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos modificados da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a citada publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.”

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente a mesma para adopción do acordo correspondente polo Pleno municipal.””

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa transcrito anteriormente nos seus propios termos.

5. CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE OUTUBRO E 30 DE NOVEMBRO DE 2017(EXPEDIENTE Nº. 1796/2016). MOCIONS. ROGOS E PREGUNTAS.

MOCIONS.-

1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A INMEDIATA ACTUACIÓN EN MATERIA DE FACENDAS LOCAIS E FUNCIÓN PÚBLICA.(EXPTE. Nº 179/2018).

5.1 DECRETOS DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

A Corporacion dase por enterada dos Decretos ditados pola Alcadia-Presidencia no exercicio das súas funcións no período comprendido entre o 1º de outubro e o 30 de novembro de 2017

5.2 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A INMEDIATA ACTUACIÓN EN MATERIA DE FACENDAS LOCAIS E FUNCIÓN PÚBLICA.(EXPTE. Nº 179/2018).

Dase conta da Moción do Grupo Municipal Socialista que se transcribe:

“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someterá consideración do Pleno a seguinte MOCION:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Administración local é a máis próxima á cidadanía. As persoas, os seus dereitos e o seu benestar son o centro da nosa actuación. Os socialistas estamos a demostrar que os Concellos poden gobernarse doutra forma, con eficacia e responsabilidade, actuando doutra maneira, sensible, próxima e solidaria. O PSOE aposta por municipios fortes, con capacidade de decisión e con recursos adecuados para dar resposta ás demandas cidadás, entendendo por tanto, que o futuro marco competenciai debe cumprimenta rse cun sistema de financiamento estable e suficiente.

O Goberno do PP leve anos sometendo ás EELL a un estrito control orzamentario e económico, regulando diferentes aspectos que practicamente deixaron aos concellos sen posibilidades de cumprir o papel que deben desenvolver na mehora dos servizos de benestar, a creación de novo emprego e todos os servizos de proximidade demandados.

E todo iso, ademais, cando a administración local cumpriu con fartura cos seus compromisos de estabilidade orzamentaria e os obxectivos marcados polo Goberno.

En primeiro lugar, no exercicio 2016, o conxunto das Corporacións Locais rexistrou unha diminución do gasto computable do 1,2%, o que supón o cumprimento da regra de gesto neste exercicio, xc que a taxa de variación permitida é o 1,8%, seguindo ademais a tendencia redutora nos obxectivos fixados para os próximos anos.

En canto ao obxectivo de estabilidade orzamentaria aprobado para as Corporacións Locais, que o ano pasado era alcanzar unha situación de equilibrio, o resultado rexistrado fol un superávit de 6.847 millóns de euros, cifra que representa o 0,61% do PIB, sendo a única administración que non incorreu en déficit. Unido a iso, a utilización do superávit xerado está suxeita a unha serie de requisitos e limitacións obrigando a que se utilice só en investimentos "fina nceiramente sustentables", o que, ademais de implicar unhas finalidades moi estritas, non

permite, le ningunha maneira, investimentos en gasto corrente.

En relación aos obxectivos de débeda pública, o obxectivo en 2016 foi do 3,0% do PIB, alcanzando co final do exercicio o 2,9% o que supón o cumprimento do obxectivo fixado, unha vez máis. As cifras fixadas para os anos posteriores seguen redLcindo o %, sendo este unha medida claramente discriminatoria cara aos Gobernos Locais en relación cc Estado e as CCAA, que non teñen un límite parecido a pesar de sumar entre ambos a práctica totalidade da débeda.

Unido a todo o anterior, non podemos obviar a diminución de empregados públicos da administración local, que pasou de 647.488 empregados en xaneiro de 2011 aos 547.825 empregados de xullo de 2016 o que supón unha reduciór do 15,39%. Isto abocou a unha situación na que as Entidades locais padecen graves dificultades para a prestación dos servizos que obrígate-amente teñen encomendados, incrementándose o problema nos oeuqens e medianos municipios.

Como vemos, a situación das entidades locais esixe que o Goberno se tome en serio as reivindicacións que levan anos expondo: revisión da regra de gasto, destino ido superávit, débeda pública e taxa de reposición, para afrontar os problemas aos que cada día teñen que enfrontarse e seguir prestando os servizos públicos necesarios, jermítíndolles, ademais, marxe de manobra para elaborar adecuadamente os ozamentos municipais para 2018

Por todo isto o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadeo presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCION instando o Goberno de España a:

1-Revisar e adecuar a regra de gasto ás necesidades dos servizos públicos que prestan os concellos, seguindo as mellores prácticas internacionais e tendo en conca criterios de sustentabWdade das contas públicas ao longo do ciclo.

2-Eliminar os límites impostas polo Goberno aos fins para que as Entidades ocais, a condición de que teñan as contas saneadas, e en uso da súa plena autonomía financeira, poidan destinar o superávit que xeren en cada exercicio orzamertario a promover programas e servizos que demanda a cidadanía: po!ítcas sociais, políticas activas de emprego, programas de Igualdade, políticas de mocidade, etc.

3-Suprinir as restricións á concertación de operacións de endebedamento por parte das Entidades locais non incursas nos supostos da Lej de Estabilidade.

4-Modificar a regulación da taxa de reposición dos efectivos na Administración Local de maneira que alcance nos servizos de interese prioritario o 150%, e no resto do; servizos municipais o 100%. ””

Por parte do Grupo do BNG móstrase o apoio á mesma

O voceiro do Grupo Popular Sr. López Penabad sinala que para 2018 a Ribadeo xa non lle afectaría e que en tod caso son consecuencias da lexislación que formulou no seu día o PSOE como o Plan de axuste que segundo sinala remataría no ano 2022. En todo caso indica que non ha lugar e que o seu grupo votará en contra.

A Corporación municipal por dez votos a favor (nove dos membros do Grupo do BNG e un da membro presente do Grupo socialista), unha abstención do Grupo Mixo-Cidadáns e catro votos en contra dos membros do Grupo Popular, acorda prestar aprobación á Mociòn de referencia nos seus propios termos.

5.3.- ROGOS E PREGUNTAS

DO GRUPO MUNICIPAL CIDADÁNS-GRUPO MIXTO:

A Concelleira do Grupo Mixto Cidadáns dona Marta Maria Saiz García manifesta que non ten preguntas nin rogos que formular.

DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:

Intervén a concelleira do Grupo socialista Sra. Losas Soria que pregunta polo asunto relativo aos apartamentos turísticos no faro da Illa Pancha, como está o expediente e se se pode informar sobre o mesmo.

O Sr.Alcalde resposta que non hai inconvinte en acceder ao expediente que está á súa disposición, que se trata dun expediente complexo e continúa a súa intervención realizando unha ampla exposición dos trámites municipais realizados acerca das comunicacións previas formuladas polo interesado para a posta en marcha da actividade.

Sinala que as dúas primeiras comunicacións foron denegadas ou declaradas ineficaces por non cumprir os requisitos que dende o Concello se lle esixían e incluso se precintou o local e finalmente a terceira comunicación previa, como a xuízo dos técnicos cumpría os requisitos, foi declarada a súa eficacia, sinalándose como porta de entrada do establecemento a entrada á Illa.

Indica igualmente que se trata de actividades reguladas que “ou cumpres u non “ e que se a él se lle pregunta a nivel persoal a súa opinión lle diría que costa dixerilo pero que o Concello está nun caso de que se non se suxeita á lei estaría en circunstancias de prevaricación; se se pasan de frenada “prevaricación por acción” e se non “por omisión” ou sexa que se debe estar no punto ecuánime que é o que se está facendo e pon como exemplo que se alei permite un edificio de 25 plantas aínda que a él persoalmente non lle guste se ten dereito á licenza ten que concederse.

Reitera as comunicacións cursadas coa Autoridade Portuaria.

DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR:

Intervén o Concelleiro do Grupo Popular D.Jesús López Penabad en relación á saída da escola de remo preguntando se non se pode poñer un punto de luz xa que na zona de As Aceñas de noite está moi escuro e hai un risco evidente e tamén coa liña continua existente xa que cand entran coas embarcacións teñen que invadir o carril contrario.

O Sr.Alcalde sinala que estan co tema e que se está mirando de facer un acceso máis cómodo para tartar de resolvelo.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinteunha horas, estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE